

MIRAR O RÍO — CINEMA E PAISAXE OBRADOIRO CON LOIS PATIÑO

No obradoiro reflexionaremos sobre como o cinema pode representar a paisaxe. Para inspirarnos, e poder elaborar a nosa proposta, analizaremos detidamente a obra de cineastas como Sokurov, Herzog e Pellechian, que exemplifican unha relación estética que transcende á concepción máis estendida no cinema convencional: a paisaxe coma continente ou fondo para a figura humana.

Tomando coma referente o río Lérez, os e as participantes do obradoiro, realizarán gravacións na zona coa finalidade de ampliar e (re)elaborar a nosa percepción dese contorno natural. Partindo desta premisa, cada participante deseñará o seu proxecto que se materializará nunha peza audiovisual. Cada proxecto será titorizado e orientado dende súa xénese ata a súa edición definitiva por Lois Patiño.

**As pezas resultantes exhibiranse na
Edición OI de Novos Cinemas. Festival
Internacional de Cinema de Pontevedra**

MIRAR O RÍO — CINEMA E PAISAXE OBRADOIRO CON LOIS PATIÑO

LOIS PATIÑO (Vigo, 1983)



Compaxinou estudos de psicoloxía na Universidade Complutense de Madrid cos de cine na escola Tai. Continuou a súa formación de cine na NYFA de New York e no Máster de Documental de Creación na Universidade Pompeu Fabra.

Participou en cursos de videocreación na Universität der Künst de Berlín e obradoiros con artistas e cineastas como Joan Jonas, James Benning, Pedro Costa, Víctor Erice, José Luis Guerín ou Daniel Canogar. Os seus traballos foron obxecto de exposición na Casa Encendida (Madrid), CCCB (Barcelona), Centro Cultural San Martín (Bos Aires), a Galería Solar (Portugal). Os seus filmes exhibíronse en Locarno, Toronto, Rotterdam, San Francisco FF, Ann Arbour, Viennale, Roma IFF, Cinema du réel,...

Entre os seus traballos podemos destacar “Costa da Morte” e “Montaña en sombra”.

OBXECTIVOS DO OBRADOIRO

Reflexionar sobre a representación da paisaxe no cinema.

• Estimular a nosa capacidade observadora e a nosa experiencia do lugar.

• Reflectir nunha curtametraxe unha concepción persoal sobre a paisaxe

INFORMACIÓN BÁSICA

Espazo: Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

Matricula: gratuíta

Número de prazos: dez

Inicio do obradoiro: día 9 de marzo ás 10:00h.

Datas: 9-10-14 de marzo; 14 de abril; 9 de maio

Horario do obradoiro:

MARZO: días 9 - 10 (10:00h a 14:00h), día 14 (10:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h)

ABRIL: día 14 (10:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h)

MAIO: día 09 (10:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h)

MIRAR O RÍO — CINEMA E PAISAXE OBRADOIRO CON LOIS PATIÑO

REQUISITOS DE SELECCIÓN

- Ser estudante da Universidade de Vigo.
- Documentación necesaria:
 1. Datos persoais: Nome e apelidos, teléfono de contacto e-mail persoal.
 2. Curriculum vitae abreviado.
 3. Link dunha peza audiovisual de elaboración propia dunha duración non superior aos dous minutos que denote unha sensibilidade acorde aos obxectivos perseguidos polo obradoiro.
- Coñecementos e habilidades específicas:
 1. Nivel medio no manexo de ferramentas de produción (cámaras, micrófono) e postprodución (programas de edición).
 2. Capacidade para desenvolver un traballo persoal alleo á produción cinematográfica estándar.
 3. Adaptabilidade para traballar nun contorno colaborativo no que se comparten impresións, coñecementos e materiais de produción.

O equipo de “Novos Cinemas” seleccionará a dez aspirantes. As persoas interesadas enviarán a documentación requirida a info@novoscinemas.com. O período de selección terá lugar entre os días 15 e o 29 de febreiro.

Unha vez realizada a selección, que será inapelable, os nomes das dez persoas elixidas serán publicados nas páxinas <https://campuspontevedra.uvigo.es/>, <https://www.novoscinemas.com/> o día 3 de marzo. O alumnado seleccionado deberá confirmar a súa participación e formalizar a súa matrícula entre o 3 e o 8 de marzo na páxina www.culturxest.uvigo.es

PROGRAMA DO OBRADOIRO

9 - 10 marzo

“Impartición da parte teórica”

Duración: catro horas diarias

Horario: 10:00h a 14:00h

14 marzo

“Saída de campo”

Duración: oito horas

Horario: 10:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h

14 abril

“Visionado, selección da metraxe e orientación para a montaxe”

Duración: oito horas

Horario: 10:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h

9 maio

“Visionado das montaxes. Revisión de pezas”

Duración: oito horas

Horario: 10:00 h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h